

TES QUE SABELO!

O PP É O PARTIDO DO NON!

Non á Variante, non á recuperación da Torre e o Pazo de Guimarei e non á mellora do enlace coa autoestrada Santiago-Ourense do Alto da Rocha. O PP rexeita todas as emendas aos orzamentos do Estado que presentou o BNG.



PÁXINA 3 >

CÓMPRE MELLORAR A SEGURANZA VIAL NO ENLACE COA ESTRADA QUE VAI A GUIMAREI, CEREIXO E VINSEIRO

MAGOSTO SAMAÍN

VENRES 30 DE OUTUBRO
NA PRAZA DO MERCADO



ANO 0 - NÚMERO 1
OUTUBRO 2015

Editado polo BNG
Rúa Leicures, 14-1º
36680 A Estrada
aestrada@bng.gal
618790646

bngdaestrada.wordpress.com
twitter.com/bngaestrada
facebook.com/bngdaestrada



O BNG DENUNCIA A CONTAMINACIÓN XENERALIZADA DOS NOSOS RÍOS POLOS FALLOS DO SISTEMA DE DEPURACIÓN E DOS SUMIDOIROS

PÁXINA 2 >

Xosé Magariños: “desde Sabucedo, xusto ao lado do fermoso paraxe dos muíños da Vesacarballa, pasando polo río Tabeirós, o Zarabeto entre Ouzande e Guimarei, até chegar ao Liñares, máis tamén no río Veá e no regato de Figueiroa, atopamos literalmente “merda” e perdoade a expresión”

O BNG DENUNCIA A CONTAMINACIÓN XENERALIZADA DOS NOSOS RÍOS POLOS FALLOS DO SISTEMA DE DEPURACIÓN E DOS SUMIDOIROS

A organización nacionalista insta ao goberno do PP a tomar medidas para arranxar os problemas dos sistemas de depuración da Estrada e dos sumidoiros



“Os nosos ríos baixan contaminados polo mal funcionamento dos sistemas de depuración e tamén pola falta del en moitos casos”, explicou Magariños. Os nacionalistas recolleron nunha escolma fotográfica os problemas do sistema de depuración da Estrada, unhas imaxes que xa se poden ver redes sociais onde se aprecian claramente os vertidos de fecais e todo tipo de residuos sólidos e líquidos que van directos ao Liñares e ao Ulla.

“Dos poucos sistemas de depuración que temos non se salva practicamente ningún”, afirmou Magariños, “desde Sabucedo, xusto ao lado do fermoso paraxe dos muíños da Vesacaballa, pasando polo río Tabeirós, o Zarabeto entre Ouzande e Guimarei, até chegar ao Liñares, máis tamén no río Veia e no regato de Figueiroa, atopamos literalmente “merda” e perdoade a expresión”.

“Mais tamén en pleno casco urbano”, explicou o concelleiro nacionalista, “xusto detrás do antigo colexio de Cristo Rei hai un sumidoiro que verte incontroladamente todo tipo de lixo e agua contaminada, que sumado ao vertido que hai xusto en fronte da Lennon, que denunciámos reiteradamente, paséase por todo Guimarei até desembocar no Liñares, deixando un rastro nauseabundo e insoportábel ao seu paso”.

“Todo isto”, engadiu Magariños, “lévanos a pensar que A Estrada ten un serio problema cos seus sistemas de depuración; se Sanidade fixera unha inspección sorpresa a multa sería considerábel para o concello.”

“O BNG sempre criticou os sistemas de depuración que se instalaron na Estrada, xa que consideramos que non eran axeitados, e ás probas me remito”, indicou Xosé Magariños, “cómpre apostar por outras solución máis acidas á nosa realidade e aos caudais do rural, como por exemplo sistemas biolóxicos baseados en filtros verdes ou lagunaxe”. “O que si está claro é que o sistema que hai agora mesmo non funciona e é caro de manter”, afirmou Magariños.

CÓMPRE MELLORAR A SEGURANZA VIAL NO ENLACE COA ESTRADA QUE VAI A GUIMAREI, CEREIXO E VINSEIRO



Os nacionalistas rexistran iniciativas no Congreso e no concello demandando medidas de seguranza no último tramo da Avda Benito Vigo en dirección Lalín

O BNG leva ao Congreso a mellora da seguridade vial no último tramo da N-640 en dirección Lalín, á altura do enlace coa PO-2016 que leva á parroquia de Guimarei, Cereixo e Vinseiro e que leva tamén a Forcarei.

“Non foron poucos os veciños e veciñas que se puxeron en contacto co BNG para demandar melloras nese tramo da estrada, ao final da Avda Benito Vigo”, explicou o portavoz municipal dos nacionalistas, Xosé Magariños. “Hai que ter en conta”, engadiu, “que os vehículos alcanzan unha velocidade considerábel logo dunha recta cunha pronunciada pendente, e é un tramo onde periodicamente hai accidentes, especialmente na rotonda das Colonias”, engadiu.

“Con esta iniciativa que rexistramos no Congreso”, explicou, “pretendemos que o goberno central implante medidas de seguranza vial nese tramo (bandas rugosas, semáforos, etc) para diminuír a velocidade dos vehículos e evitar accidentes, e ao mesmo tempo instamos ao Ministerio a que estude a posibilidade dun paso de peóns nesa altura para que os veciños e veciñas de Guimarei poidan cruzar ao casco urbano con total seguridade”.

O BNG tamén rexistrará unha moción no concello para que o pleno solicite formalmente estas medidas de seguranza. “Consideramos que o concello tamén se debe implicar na solicitude da mellora da seguranza vial deste tramo, xa que son os propios veciños e veciñas os quen o solicitan, e non se entendería que o concello ficara á marxe desta demanda veciñal”, indicou o concelleiro do BNG, Xosé Magariños.

ESIXEN A APERTURA DO MUSEO REIMÓNDEZ PORTELA

O BNG insta ao goberno do PP a abrir o museo Reimóndez Portela, pero cómpre facelo de xeito correcto, xa que previamente hai que verificar o estado no que se atopan, tanto os fondos coma o propio edificio, xa que leva pechado sete anos, recibindo unha partida económica, e sen un mantemento axeitado.

PREZOS XUSTOS PARA O LEITE GALEGO!



Cando as mobilizacións gandeiras estaban na súa semana máis intensa unha industria láctea galega comercializaba leite a 0,28 €, un prezo de miseria, que leva á ruína a miles de gandeiras e gandeiros do noso país.

Poucos días despois de que as industrias -que non as gandeiras e gandeiros- asinaron o acordo lácteo que puxo fin ás tractoradas no noso país, o Goberno español emitía unha serie de axudas polos baixos prezos do leite que discriminaban a Galiza, que é a que máis leite produce e a que tivo que soportar os prezos máis baixos, fronte a outras comunidades como Andalucía, onde as explotacións lácteas son escasas.

Os problemas do sector lácteo están lonxe de acabarse, a pesar de que os tractores xa non ocupan as rúas do noso país. Desde a entrada do Estado español na Unión Europea, o sector lácteo galego foi o obxectivo de todo tipo de políticas que buscan afundir este sector estratéxico do país, para inundar Galiza de leite de fóra, producido a miles de quilómetros, coa complicidade dun goberno da Xunta do PP submisivo e conivente coas políticas da Unión Europea e o Estado español.

Así como hai outros colectivos sociais e profesionais que teñen un prezo mínimo polo seu traballo e os seus produtos, as gandeiras e gandeiros galegos tamén teñen que ter un prezo mínimo, que lles permita sacar adiante as súas explotacións, vitais para termos un rural vivo e con futuro. É de xustiza!

O PP NON É QUEN DE ATALLAR O PROBLEMA CRÓNICO DOS CORTES DE AUGA NA ESTRADA

“Unha avaría puntual”, afirmou Magariños, “pódeas haber en calquera momento, pero na Estrada xa é habitual, que cada equis meses hai unha avaría, o que nos indica que o sistema ten un problema e o que é peor, o goberno non sabe como atallar ese problema”.

O concelleiro do BNG esixiulle ao alcalde información sobre o que está a suceder, “os veciños e veciñas da Estrada, teñen o dereito de saber que pasa e o concello ten a obriga de informalos, porque non só sofren as consecuencias da súa pésima xestión, senón que pagan por un servizo que actualmente é un fiasco”.

